

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE DECEMBRO DE 2013.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:10 horas do día vinte e seis de decembro de 2013, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 31/10/2013 e o 28/11/2013, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 31/10/2013 e o 28/11/2013.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1. ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN PROXECTO EXPERIMENTAL DE ATENCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada n.º. 2517 con data 19/12/2013 no que se comunica a aprobación da xustificación presentada para os efectos do boro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria do POB n.º 35 do 20 de febreiro de 2012, exercicio 2012 de Proxecto experimental de atención e inserción sociolaboral por importe de 1.990,89 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.2.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN PROXECTO MAIORES ACTIVOS

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada n.º. 2516 con data 19/12/2013 no que se comunica a apro-

bación da xustificación presentada para os efectos do boro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria do POB nº 35 do 20 de febreiro de 2012, exercicio 2012 de Proxecto Maiores Activos por importe de 2.438,58 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.3.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN ACTIVIDADES CULTURAIS 2013

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada nº. 2515 con data 19/12/2013 no que se comunica a aprobación da xustificación presentada para os efectos do boro da subvención concedida ao abeiro da convocatoria do POB nº 239 do 17 de decembro de 2012, exercicio 2013 de Actividades culturais por importe de 2.658,37 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.4.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE ABOAMENTO ANTICIPO PREPAGABLE ANIMADORES CULTURAIS MUNICIPAIS 2013

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada nº. 2433 con data 04/12/2013 no que se comunica o aboamento anticipo prepagable da subvención animadores culturais municipais 2013 por importe total de subvención 5.987,41 euros e importe a aboar 2.993,71 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.5.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN/FACTURA POS 2013

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Xestión de Plans, rexistro de entrada nº. 2514 con data 19/12/2013 no que se comunica a aprobación da certificación/factura da obra “Mellora verquido depuradora Lobomorto” por importe de 30.812,12 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.6.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN/FACTURA POS 2012

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Xestión de Plans, rexistro de entrada nº. 2474 con data 12/12/2013 no que se comunica a aprobación da certificación/factura da obra “Mellora drenaxe Vilanova, Sixto, Piñeiro e outros” por importe de 42.160,40 euros, correspondéndolle satisfacer a Deputación 39.994,93 euros..

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.7.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN/FACTURA POS 2012

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Xestión de Plans, rexistro de entrada nº. 2473 con data 12/12/2013 no que se comunica a aprobación da certificación/factura da obra “Mellora drenaxe Aquelavila, Souto, Cabana e outros” por importe de 40.684,18 euros, correspondéndolle satisfacer a Deputación 38.594,53 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.8.- ESCRITO DA AXENCIA TRIBUTARIA SOBRE EXENCION IVE CENTRO RESIDENCIAL

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Axencia Tributaria, rexistro de entrada nº. 2489 con data 16/12/2013 no que se comunica a exención do IVE aplicable o centro residencial. Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.9.- ESCRITO DO MINISTERIO DE FOMENTO, UNIDADE DE ESTRADAS DA CORUÑA SOBRE SOLICITUDE OCOS PARA EXCEDENTES DE TERRAS DO PROXECTO AUTOVIA LUGO-SANTIAGO

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado polo Ministerio de Fomento, Unidade de Estradas da Coruña, rexistro de entrada nº. 2442 con data 04/12/2013 no que se solicita información de ocos no noso Concello para acoller excedentes de terras do proxecto “Autovía Lugo-Santiago (A-54) no tramo de Enlace Melide-Enlace Arzúa.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.10.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOBRE REINTEGRO PROGRAMA COOPERACION 2011

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada nº. 2434 con data 04/12/2013 no que se solicita o reintegro da cantidade de 918,92 euros correspondente a diferenza da contía da subvención e a cantidade xustificada en relación os Programas de cooperación Medio Ambiente anualidade 2011.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.11.- ESCRITO DE AGADER SOBRE MANTEMENTO PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2013-2014

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, rexistro de entrada nº. 2451 con data 09/12/2013 no que comunica a resolución de beneficiarios da subvención do Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014 cun orzamento aceptado de 44.337,24 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.12.- ACTA DE CONFORMIDADE DA DELEGACION TERRITORIAL DA CORUÑA DE ADQUISICIÓN DE CARGADORA RETROEXCAVADORA

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Delegación Territorial da Coruña, rexistro de entrada nº. 2531 con data 20/12/2013 no que se envía a acta de conformidade do proxecto “Adquisición de cargadora retroexcavadora” cun importe de execución de 79.345,75 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.13.- ESCRITO REMITIDO POLA DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO E FORMACIÓN SOBRE RESOLUCIÓN CONCESIÓN ACCIONS FORMATIVAS PARA A IMPARTICION DE CURSOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO.

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Traballo e Benestar, Dirección Xeral de Emprego e Formación, rexistro de entrada nº. 2456 con data 10/12/2013 no que se achega resolución pola que se resolve a concesión a este Concello de accións formativas para a impartición de cursos de formación profesional para o emprego, ao abeiro do establecido no artigo 2º.2, Sección 2ª, vía de programación dos convenios de colaboración (procedemento TR3010).

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.14.- ESCRITOS DO MINISTERIO DE XUSTIZA SOBRE DEMARCACIÓNS REXISTRALES E NOTARIALES.

Pola Secretaria dáse conta dos escritos enviados polo Ministerio de Xustiza, Subdirección Xeral do Notariado e dos Rexistros, rexistro de entrada nº. 2471 con data 12/12/2013 no que se comunica o inicio do procedemento para a revisión total da demarcación rexistral, segundo o disposto nas disposicións e a vista dos informe estatísticos remitidos polos Notarios, Rexistros da Propiedade, Mercantís e Bens Inmóbles, solicitando o envío sobre a conveniencia, necesidade e oportunidade de dita demarcación e as súas modificacións.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.15.- ESCRITO DO T.S.X. GALICIA CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO SECCIÓN 4º A CORUÑA SOBRE PROCEDIMENTO ORDINARIO CONTRA FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A.

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado polo T.S.X. Galicia Contencioso/Administrativo Sección 4, rexistro de entrada nº. 2469 con data 12/12/2013 no que se comunica que se acorda “desistido ó recorrente France Telecom España S.A. declarando a terminación do procedemento do recurso 15408/2013”.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.16.- XUSTIFICANTE DE PAGO RETENCIÓNS TRABALLO PERSOAL DA AXENCIA TRIBUTARIA.

Pola Secretaria dáse conta do xustificante de pago realizado á Axencia Tributaria pola xestoría Ábaco Asesores de data 02/12/2013 pola cantidade de 251,64 euros en concepto de I.R.P.F. Retención traballo persoal 2011.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.17.- ESCRITO DO CENTRO DE SAÚDE DE BOIMORTO SOBRE ENCENDIDO DE CALEFACCIÓN.

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado polo persoal do Centro de Saúde de Boimorto, rexistro de entrada nº. 1753 con data 25/11/2013 no que se solicitan o encendido da calefacción no centro de saúde.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.2. ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO DE GANADERÍA GAREA SOLICITANDO A INSTALACIÓN DUN PUNTO DE LUZ.

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado por Óscar Garea Pérez con DNI 79334207P, en representación de Gandería Garea, rexistro de entrada nº. 2497 con data 18/12/2013 no que se solicitan a instalación dun punto de luz no lugar de Algalia, parroquia de Dorneá diante da nave construída para a gandería.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as e por unanimidade, con catro votos a favor, **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Denegar a instalación do punto de luz solicitado ao carecer de licenza definitiva de actividade, xa que sin ela non debería estar funcionando.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.- LICENZAS, PERMISOS E AUTORIZACIÓNS

3.2. AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN USO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL SOLICITADO A INSTANCIA DAS ASOCIACIÓN DE CAZADORES TECOR DO BARRO E TECOR REBELLÓN.

Vista a solicitude presentada por D. Jose Balado Casal, con DNI núm. 76514858E e con domicilio a efectos de notificacións en Santa Cruz de Montao, Queis A Zanca, 24 Ordes, actuando en calidade de representante da Asociación de Cazadores dos Tecores do Barro e Rebellón, -nº rexistro de entrada 2536 do 23/12/2013- sobre solicitude de autorización para a realización dunha actividade non deportiva no polideportivo municipal, o día 1 de febreiro ó mediodía para realizar unha comida dos dous cotos con motivo do Campionato organizado do raposo, así como a dispoñibilidade de mesas e cadeiras propiedade do concello.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. Jose Balado Casal, actuando en calidade de representante da Asociación de Cazadores dos Tecores do Barro e Rebellón, para a realización dunha actividade non deportiva no polideportivo municipal, o día 1 de febreiro, o mediodía para realizar unha comida dos dous cotos con motivo do Campionato do raposo, así como a dispoñibilidade de mesas e cadeiras, condicionando a autorización a:

1º.- A presente autorización abrangue unha hora do mediodía do día 1 de febreiro do presente ano, quedando o autorizado baixo as instrucións que lle imparta o persoal do concello responsable do polideportivo municipal en materia de utilización do mesmo.

2º.- O solicitante queda responsabilizado da utilización das mesas e cadeiras que deberán ser conservadas no estado en que se atopan e entregan para o seu uso.

3º.- O autorizado, ó rematar a actividade, deberá deixar as instalacións municipais nas mesmas condicións de limpeza que no momento do inicio da mesma.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal, que ascende á cantidade de DOCE EUROS (12,00 €), ao abeiro do disposto no artigo 6º.c) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sen este requisito esa autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.2.2.- SOLICITUDE BAIXA NO PADRÓN DE LIXO DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA.

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1619 con data 22/08/2013, presentada por D. Jaime Vilariño Vereá, DNI núm. 32218627C, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Corredoiras, 27 Ánxeles, deste termo municipal, no que solicita a baixa na taxa de lixo do inmovible sito no lugar de Moscosas, 3 Cardeiro alegando que non se existe vivenda nin explotación gandeira en dita ubicación.

Vista a ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por recollida de lixo.

Visto o informe de D. Fernando Delgado Juega, xeógrafo-urbanista adscrito ó departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería S.A., empresa adxudataria do servizo de asistencia técnico-urbanística deste Concello, de data 28/11/2013 no que informa de que actualmente existe unha antiga explotación agrícola pero sen actividade.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Comunicarlle ao interesado que aos efectos de acreditar a imposibilidade de recibir o servizo de recollida de lixo será necesario acreditar que o local se encontra dado de baixa

nos servizos de subministro de electricidade, auga ou declarado en ruína, informándolle que a falta de utilización do inmovible non lle exime do paga da taxa.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ó interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.3.- SOLICITUDE SUSPENSIÓN DE LICENZA DE TAXI

Vista a solicitude de D. Luis Vereá Sánchez con domicilio na R/ Gándara, 51 1º Boimorto, na que solicita certificado de suspensión temporal de licenza de taxi, en base da notificación remitada por este Concello, no que deixa constancia de que a suspensión é por motivos de xubilación.

Visto o artigo nº 11 da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, en relación coa suspensión temporal de licenzas, que se reproduce a continuación:

“Artículo 11 Suspensión de las licencias de taxi

1. Las licencias de taxi podrán ser suspendidas temporalmente por un periodo máximo de dos años:

a) A solicitud de la persona titular, cuando haya de dejar de ejercer la actividad temporalmente por una causa justificada.

b) De oficio, en caso de transmisiones forzosas, cuando la persona adjudicataria careciese de los requisitos exigidos para ser titular.

2. No procederá estimar una solicitud de suspensión hasta que transcurriera un periodo de dos años contados desde la fecha de finalización del anterior periodo de suspensión, salvo causas de fuerza mayor debidamente acreditadas.

3. Las solicitudes de suspensión se entenderán estimadas si en el plazo de tres meses el ayuntamiento no hubiera dictado y notificado resolución expresa, salvo que se hubiese incumplido la limitación establecida en el apartado anterior.

4. Transcurrido un mes desde la finalización de la suspensión sin haberse reanudado de modo efectivo la prestación del servicio, se incurrirá en causa determinante de la caducidad de la licencia de taxi.

5. Reglamentariamente se preverán las medidas que, en su caso, adoptará la administración para garantizar que el servicio quede adecuadamente cubierto.”

Vista a Disposición transitoria quinta Supostos de falta de autorización interurbana de taxi:

“1. Las personas titulares de licencias de taxi que en el momento de entrada en vigor de la ley no dispongan de autorización interurbana de taxi y dispongan o rehabiliten la licencia de taxi en los términos de la disposición anterior habrán de solicitar dicha autorización interurbana de taxi a la consejería de la Xunta de Galicia competente en materia de transportes, en el plazo de seis meses desde la entrada en vigor de la presente ley. La autorización interurbana de taxi así otorgada no podrá ser objeto de transmisión inter vivos hasta que haya transcurrido un periodo mínimo de cinco años de explotación efectiva por el titular.

2. En el supuesto de que no pudiera acreditarse la explotación de la licencia de taxi en los términos de la disposición anterior, la expedición de autorización interurbana de taxi estará condicionada a que se disponga de licencia municipal y no se superen los límites máximos de autorizaciones interurbanas de taxi que resulten de lo dispuesto en la presente ley, resultando igualmente aplicable la prohibición de transmisión inter vivos hasta que haya transcurrido un periodo mínimo de cinco años de explotación efectiva por el titular.”

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Denegar a suspensión temporal de licenza de taxi solicitada por D. Luis Vereá Sánchez por non encaixar nos supostos do artigo 11 da Lei 1/2013 de transporte público de persoas en vehículos de turismo en Galicia, xa que a xubilación non é unha causa de cese temporal de actividade.

SEGUNDO.- Informar ó interesado da necesidade de rehabilitación desta licenza de taxi diante da Dirección Xeral de Mobilidade antes do 15/01/2014, así como da posibilidade de manter a

licenza con un conductor asalariado, situación que deberá acreditar para a rehabilitación da licenza de taxi.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ó interesado xunto co réxime de recursos para os efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1. URBANISMO

4.1.1.-LICENZA DE OBRA MENOR (LO 45/2013) PARA PAVIMENTACIÓN DOS ACCESOS Á EXPLOTACIÓN GANDEIRA SITA EN VILANOVA PARROQUIA DE SENDELLE, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSE CARLOS CACHARRÓN SOUTO

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. José Carlos Cacharrón Souto, con DNI núm. 44814913B, e con domicilio para os efectos de notificación no lugar Vilanova, 3, parroquia de Sendelle, 15817 Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello co núm. 661 en data 15/05/2012 para a pavimentación dos accesos á explotación gandeira sita en Vilanova (Sendelle) a base de aglomerado cunha superficie de 600m², (solo de núcleo rural orixinario disperso e solo rústico de protección agropecuaria) segundo memoria presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Colexiado nº 4657, con data 11/12/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural orixinario disperso e solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. José Carlos Cacharrón Souto, con DNI núm. 44814913B (LO 45/2013), para a pavimentación dos accesos á explotación gandeira sita en Vilanova (Sendelle) a base de aglomerado cunha superficie de 600m², (solo de núcleo rural orixinario disperso e solo rústico de protección agropecuaria) segundo memoria presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras non afectarán a elementos estruturais.
- .- Deberán manter o estado natural do terreo.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 45/2013

Presuposto de execución material da obra, por memoria: **13.000,00 €uros.**

Liquidación 2%: **260,00 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
Ticket-11//12/13	U.T.E. Choupana / U-83458570	Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	5,90 €
Ticket-16/12/13		Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	4,75 €
Ticket-19/12/13		Aparcamiento levar usuario da residencia a consulta médica ao hospital	5,30 €
Ticket 20/12/13 □	Autopistas del Atlántico / A-15020522	Peaxe viaxe á Coruña asinar acta conformidade adquisición retroexcavadora a Xefatura Territorial	3,50€
F046/013-03/12/13	Construcciones González y González S.L. B15165004	Obra "Canalización de aguas pluviales en Marco (Sendelle) - Promoción Económica Deputación 2013	4.000,00€
6258-05/12/13	Hotel Balneario de Compostela S.L. B15912868	Actividade de termalismo 04/12	330,00 €
6555-11/12/13		Actividade de termalismo 11/12	270,00 €
6624-19/12/13		Actividade de termalismo 19/12	315,00€
6620-18/12/13		Actividade de termalismo 18/12	345,00 €
46-19/12/13	María Teresa López Alonso 76624257X	Servizo de podoloxía mes de decembro	238,00 €
25/01-20/12/13	Iulius XII S.A. A70257357	Actuación "A música dos contos" Rede Cultural 2013	751,00 €
94/13-23/12/13	Cerne Ingeniería S.A. A15056468	Asistencia técnico-urbanística mes de decembro	2.420,00 €
10/13-14/12/13	Asociación Cultural Charamela G70089958	Actuación "Paco Jones, Detective privado" Rede Cultural 2013	500,00 €
15077-27/11/13	Carechen Distribución S.L. B15601081	Material de limpeza para centro residencial	223,26 €
15216-16/12/13		Material de limpeza para centro residencial	261,48€
502/0000025450-30/11/13	Ikea Ibérica, S.A. A28812618	Material para PAI	28,93 €
256-26/12/13	Jose Manuel Vereá Castelo 33245534T	Material para mantemento	182,18 €
3120149965-30/11/13	Serunión, S.A.U. / A59376574	Servizo de alimentación da residencia e centro de día período 01/11/13-30/11/13	5.237,86 €
2-15/11/13	Cruz Vermella Arzúa Q2866001G	Compensación gasto charla primeiros auxilios no Centro social de maiores	30,00 €

06B/158-26/12/13	Coregal Parques e Xardíns S.L. / B15731797	Mantemento zonas verdes decembro 2013 □	1.300,00 €
4001234931-30/11/13 □	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.L. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de novembro 2013	226,98 €
Relación de data 17/12/13 Rexistro de entrada nº 2499	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. / A-65067332	Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello: Depósito de Boimil PAI Escolas Baixo Concello Alumeado público	206,56 € 516,27 € 522,95€ 46,68 € 6.159,40€
FE13321133493878-18/10/13	Gas Natural Servicios SDG, S.A. / A-08431090	Recibo de subministro de luz centro residencial período 12/09/13 a 11/10/13	1.344,46 €
FE13321135518380-19/11/13		Recibo de subministro de luz alumeado público rúa Gándara período 12/10/13 a 13/11/13	784,30 €
FE13321135518379-19/11/13		Recibo de subministro de luz centro residencial período 12/10/13 a 13/11/13	1.561,23 €
FE13321135779086-21/11/13		Recibo de subministro de luz estación potabilizadora período 16/10/13 a 14/11/13	205,11 €
FE13321135518374-19/11/13 □		Recibo de subministro de luz albergue período 12/10/13 a 13/11/13	312,76 €
28-L381-574715-01/12/13	Telefónica Móviles España, S.A. / A-78923125	Recibo teléfonos móbiles período 18/10/13 a 17/11/13	158,71 € □
TA4JG0385415	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono servizos sociais	75,75 €
TA4JG0395704		Recibo teléfono centro social municipal de maiores	76,20 €
TA4JG0385414		Recibo teléfono xulgado de paz	16,60 €
TA4JG0393666		Recibo teléfono ascensor concello	9,08€
TA4JG0393907		Recibo teléfono oficinas Concello	333,39€
TA4JG0400439		Recibo teléfono ascensor residencia	88,67€
TA4JG0400071		Recibo teléfono PAI	10,90€
TA4JG0385417			

5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Esther Vidal Pandelo
DATA DO INFORME: 26/12/2013
DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, proponse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- MARIA VIRTUDES CASTELO FELPETE - FISIOTERAPIA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

2.- MANUEL VARELA SOUTO - FISIOTERAPIA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

3.- CARMEN RODRIGUEZ GARCÍA - FISIOTERAPIA
VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios do servizo de fisioterapia a M^a Virtudes Castelo Felpete, Manuel Varela Souto e Carmen Rodríguez García.

SEGUNDO.- Notificar ás beneficiarias deste servizo que teñen a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo de 2014. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia.

5.3.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS PARA A BEBETECA.

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010. Vistas as bases para convocatoria e establecemento dos prezos públicos con motivo das actividades de verán redactadas en data 23/12/2013 polas mestras do PAI e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS PARA A BEBETECA.

Artigo 1.- Concepto

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais , este Concello establece os prezos públicos pola participación en actividades ou servizos culturais , deportivos e análogos especificados nas tarifas contidas no artigo 3º seguinte , que se rexerán polo presente acordo municipal.

Neste caso establecece o prezo público do servizo **BEBETECA**, un proxecto no que os nenos de 0 a 3 anos e os seus pais/nais terán un lugar de encontro no que un profesional se reunirá cos pais/nais e os nenos para reflexionar sobre a educación dos seus fillos e realizar diferentes actividades, onde será básica a participación activa dos pais e coidadores.

Na BEBETECA os pais/nais e os nenos participarán conxuntamente en actividades diversas ampliando as estratexias e os recursos dos adultos aportándolles ideas sobre cousas para facer na casa cos nenos; as actividades serán: psicomotricidade, estimulación dos sentidos, contacontos, taller de manualidades, masaxes, xogos, cancións...

DESTINATARIOS: Nenos/as de 0 a 3 anos do Concello de Boimorto ou concellos limítrofes e os seus pais/nais.

HORARIO: luns e xoves de 16:30 a 18:30 h.

LUGAR DE REALIZACIÓN: Punto de Atención á Infancia do Concello de Boimorto.

METODOLOXÍA: unha docente do Punto de atención á infancia xuntarase cun grupo de pais/nais e os seus fillos/as (de entre 0 e 3 anos) co obxectivo de realizar actividades lúdicas, creativas e construtivas para o desenvolvemento do neno/a. A mestra do PAI será a condutora das sesións programadas pero, os pais/nais serán os construtores desas actividades contando sempre coa colaboración da mestra do PAI. Deste xeito, o neno descubrirá no pai/nai unha complicidade e colaboración nos seus xogos así como os pais/nais descubrirán unha faceta de educadores que na maioría dos casos queda sen potenciar, moitas veces por descoñecemento.

Artigo 2.- Obrigados ó pagamento

Están obrigados ó pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza quen se beneficie dos servizos ou actividades que ofrezca o servizo BEBETECA ofertado por este Concello.

Artigo 3.- Contía

Tarifa 10 €mensuais por neno/a.

Artigo 4.- Bonificacións e exencións

4.1.-Bonificacións: Non están previstas bonificacións nin excepcións para este servizo

4.2.-Exencións: Non están previstas bonificacións nin exencións para este servizo.

Artigo 5.- Obriga de pagamento

5.1.- A obriga de pagamento do/s prezo/s público/s regulados neste acordo, nace dende que se inicie a prestación do servizo especificado no artigo 1, mediante a solicitude de participación no servizo de BEBETECA; deberase pagar o 100% ao inscribirse no servizo e en sucesivos meses renovarase na última semana do mes anterior a solicitude de participación efectuando o ingreso en Caixa Corporación.

Cando non se acredite o ingreso nas condicións sinaladas na liña anterior, automaticamente quedará prohibida a asistencia ao servizo, sen prexuízo da esixencia da débeda pendente.>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases de establecemento dos prezos públicos para a Bebeteca, redactadas polas mestras do PAI tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en 10 €mensuais por neno/a.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.4.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS PARA A ACTIVIDADE DE PILATES.

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, modificación publicada en BOP en data 11/05/2010 e modificación publicada en BOP en data 16/12/13. Vistas as bases para convocatoria e establecemento do prezo público para a actividade de Pilates en data 23/12/2013 pola animadora deportiva e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECIMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A ACTIVIDADE DE PILATES

1.- Obxeto.

O obxeto destas bases e o establecemento do prezo público para a actividade de Pilates que será realizada neste Concello dende o mes de xaneiro a maio de 2014 (sobre 20 horas) no local do Centro Social de Maiores. Será unha hora semanal, os xoves de 21:00 a 22:00 horas.

2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento os que sexan beneficiarios da actividade deportiva organizada por este Concello.

3.- Contía

O prezo por persoa e mes queda establecido en 12 euros para as persoas que contén con carné de socio do ximnasio e da piscina municipal e de 15 euros para o resto. Sendo o prezo a pagar por cada usuario dun total de 60 euros polos cinco meses (para as persoas que contén con carné de socio do ximnasio e da piscina municipal) e 75 euros para o resto, polo que terá que haber un mínimo de 11 persoas inscritas para realizar a actividade.

4.- Bonificacións e exencións

Non están previstas para esta actividade nin bonificacións nin exencións.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do prezo público, regulado no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 3, mediante a solicitude de participación nos cursos e actividades nese artigo sinalados.

O pago do prezo desta actividade, 60 euros/persoa, efectuarase o 50% do importe, 30 euros, durante o mes de xaneiro e o 50% restante, 30 euros, no mes de marzo, durante os primeiros quince días de cada mes sinalado.

Boimorto, 23 de decembro de 2013

A animadora deportiva

Asdo.- M^a Amalia Seoane Barreiro>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.-Convocar e aprobar as bases de establecemento do prezo público para a actividade de Pilates, redactadas pola animadora deportiva tal e como quedan reproducidas neste

acordo, establecendo os prezos públicos en 12 euros para as persoas que conten con carné de socio do ximnasio e da piscina municipal e de 15 euros para o resto. O pago do prezo desta actividade é de 60 euros/persoa (para os que conten con carné de socio do ximnasio e da piscina municipal), cinco meses, efectuarase o 50% do importe 30 euros, durante o mes de xaneiro e o 50% restante 30 euros, no mes de marzo, durante os primeiros quince días de cada mes sinalado; e será de 75 euros/persoa para o resto.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.5.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS PARA O PROGRAMA DE TERMALISMO NO BALNEARIO COMPOSTELA (BRIÓN).

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, modificación publicada en BOP en data 11/05/2010 e modificación publicada en BOP en data 16/12/13. Vistas as bases para convocatoria e establecemento do prezo público para o programa de termalismo no balneario Compostela (Brión) en data 23/12/2013 pola animadora deportiva e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECIMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA O PROGRAMA DE TERMALISMO NO BALNEARIO COMPOSTELA (BRIÓN).

1.- Concepto

Establecemento do prezo público para a o programa de termalismo no Balneario Compostela de Brión.

O Concello continúa un ano máis co programa de Termalismo Social no Hotel Balneario Compostela de Brión. Consiste na visita a este balneario un día á semana (mércores) para gozar das augas termais e do circuíto de sauna, duchas de contraste, sala de musicoterapia e aromaterapia,... Irase durante 3 mércores consecutivos, comezando o 12 de febreiro e finalizando o 26 do mesmo mes. O número de máximo de persoas por día é de 25.

A hora e lugar de saída do autocar é ás 15:30 do Centro de Maiores e a chegada ás 19:30 horas.. Hai que levar gorro e recoméndase tamén levar unha toalla da casa para secarse despois. O prazo de inscrición para cada semana remata o día anterior á viaxe.

2.- Obrigados o pagamento

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade, e só poderán participar todos os maiores de 16 anos.

Todos os asistentes deberán cubrir unha solicitude na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

3.- Contía

O prezo é de 7 euros/día de participación, para custear os prezos do transporte, que serán entregados nas Oficinas do Concello cando se realice a inscrición que poderá ser semanal; baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto 28 de xaneiro de 2014.

O animador deportivo

Asdo.-M. Amalia Seoane>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Convocar e aprobar as bases de establecemento dos prezos públicos para o programa de termalismo no Balneario Compostela (Brión) tal e como quedan reproducidas nos considerandos deste acordo, establecendo o prezo público en 7 €uros/día de participación.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.6.- MODIFICACIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE DECEMBRO DE 2013.

Pola secretaria dáse conta que na Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 26/12/2013 dase validez á relación de usuarios do servizo de axuda a domicilio a data 26/12/2013 así como a lista de espera.

No que se refire á lista de espera hai unha nova solicitude de SAF por libre concurrencia de Concepción Graña Sánchez.

En relación co expediente de axuda no fogar de dependencia de Jesús Manuel Rúa Quintela tiña 40 horas de atención pero por expreso desexo da familia baixanse a horas neste mes de decembro a 30.

En aplicación dos artigos 71.1 e 42 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

PRIMEIRO.-Á vista do informe emitido pola traballadora social con data 11/12/2013, incluír na lista de espera do servizo de axuda a domicilio de libre concurrencia a Dna. Concepción Graña Sánchez (solicitude presentada en data 11/12/2013) e que acada unha puntuación de valoración de 13 puntos.

SEGUNDO.- Tendo en conta a puntuación acada por Concepción Graña Sánchez con respecto ás solicitudes relacionadas no acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/11/2013 en lista de espera, incluíla no posto sexto.

TERCEIRO.- Tendo en conta os acordos anteriores a lista de espera queda do seguinte xeito:

- 1º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 2º.- Antonio Corral Boado, 17 puntos.
- 3º.- Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 4º.- María Mato Méndez, 14 puntos.
- 5º.- Rafael Fernández Mato, 13 puntos.
- 6º.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 7º.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.
- 8º.- Dolores Nouche Botana, 8 puntos.

CUARTO.- Facer pública a lista de espera relacionada no punto quinto no taboleiro de anuncios do Concello.

5.7.- ESCRITO DE D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ SANTOS, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA DA OBRA “CAPTACIONES EN RODIEIROS PARA LA RED MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO DE AUGA”.

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. José Antonio González Santos, en representación da empresa Construcciones González y González, S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 2403 con data 29/11/2013, no que solicita a devolución da garantía definitiva depositada, en av- al bancario, pola seguinte obra:

Denominación	Importe aval	Data recep-
--------------	--------------	-------------

		ción obras
“Captaciones en Rodieiros para la red municipal de abastecimiento de agua”	4.139,03 €	26/11/2012

Visto o informe emitido polo director das obras, D. Ángel Delgado Cid, de data 24/05/2013, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Proceder á devolución do aval solicitado, xa que as obras se encontran en perfecto estado de conservación e funcionamento.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

5.8.- SUBVENCIÓN AXUDA MUNICIPAL A CREACIÓN DE EMPREGO A LP AVES S.C.

Vista a Ordenanza de outorgamento de axudas á creación de emprego estable do ano 2013 publicada no BOP nº 88 de data 09/05/2013.

Vista a solicitude de axuda para a creación de emprego estable anualidade 2013 presentada por LP AVES S.C. Con CIF J70279328 con rexistro de entrada nº 2203 de data 30/10/2013.

Visto o informe da axente de emprego e desenvolvemento local deste Concello de data 02/012/2013 que se transcribe literalmente a continuación:

<<Dona Ana Mª Vallo Camba, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto (A Coruña)

Vista a solicitude de subvención ao Concello de Boimorto de axudas municipais á creación de emprego estable anualidade 2013 (BOP núm. 88 de data 09/05/2013) de LP AVES SC con CIF J70279328 con rexistro de entrada núm. 2203 de data 30/10/2013,

INFORMA:

–Que dita empresa foi cualificada pola Consellería de Traballo e Benestar como Iniciativa de Emprego asignándolle o nº 15/191/2013-ILE.

–Que segundo a documentación aportada a empresa cumpre os requisitos establecidos no punto dous da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais á creación de emprego estable anualidade 2013:

1.- Creou cinco postos de traballo estables de carácter indefinido, incluídos os das propias persoas promotoras, entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2013, ocupados por persoas desempregadas segundo o informe de vida laboral e o certificado do Servizo Público de Emprego, todos eles empadroados no termo municipal de Boimorto segundo certificado de empadroamento:

–Tamara López García (53397430D), promotora alta autónomo 01/06/2013, empadroamento na parroquia de Buazo.

–Marcos Portos Rico (44836413Y), promotor alta autónomo 01/06/2013, empadroamento na parroquia de Cardeiro.

–Jose Ramón García Peteiro (33258901G), contrato indefinido a tempo completo dende 28/06/2013, empadroamento na parroquia de Buazo.

–Lourdes Rico García (33264989C), contrato indefinido a tempo completo dende 28/06/2013, empadroamento na parroquia de Cardeiro.

–Mª Elida Portos Vázquez (33227069G), contrato indefinido a tempo completo dende 28/06/2013, empadroamento na parroquia de Cardeiro.

2.- A sede social, fiscal e de actividade da empresa é no Concello de Boimorto (domicilio social e fiscal en Lg. Aquelavila, núm. 19 Buazo; domicilio de actividade na parroquia de Brates).

En consecuencia, segundo o punto terceiro apartado b) da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais á creación de emprego estable anualidade 2013 correspóndelle unha axuda de 400 euros por cada posto de traballo estable creado, en total 2.000 euros ao ser cinco postos.

O que informo, a efectos de xustificación en Boimorto a 2 de decembro de 2013>>

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar en concepto de axuda a creación de emprego estable anualidade 2013 a favor de LP AVES S.C. con CIF J70279328 a cantidade total de 2.000 euros, segundo o punto terceiro apartado b) da ordenanza específica reguladora das bases da convocatoria de axudas municipais á creación de emprego estable anualidade 2013; polo que lle corresponde unha axuda de 400 euros por cada posto de traballo estable creado, sendo en total cinco postos.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a LP AVES S.C. e dar traslado do presente acordo aos servizos contábeis para a súa tramitación.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 445, 447, 453, 454, 457 e 458 ditados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:20 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez